

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Selección de 4 operarios/as, persoal laboral temporal para o desenvolvemento do proxecto piloto para a recollida porta a porta de bioresiduos do Concello de Arteixo*

**CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS POR TRÁMITE DE URXENCIA PARA A SELECCIÓN DE 4 OPERARIO/AS , PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PILOTO PARA A RECOLLIDA PORTA A PORTA DE BIORESIDUOS DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

##### PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases e convocatoria , con trámite de urxencia, teñen por obxecto a selección de persoal laboral temporal de 4 operario/as do Concello de Arteixo, para o desenvolvemento do **proxecto piloto para a recollida porta a porta de bioresiduos**.

Este proxecto piloto realizarase en base á proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo comunicación da Subdirección Xeral de Residuos, dependente da Dirección Xeral de Calidade ambiental e cambio climático. O réxime de contratación laboral será de obra ou servizo de duración de terminada, por un máximo dun ano natural, supeditado ao referido proxecto piloto e dacordo co disposto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

##### SEGUNDA.- FUNCIONS E CARACTERISTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

As funcións serán as propias da categoría de operario, concretamente coa entrega dos residuos ao servizo municipal de recollida diante da porta da vivenda ou comercio (en bolsas, pequenos contedores normalmente para a FORS -ou a granel- para o papel e cartón en caixas ou fardos), segundo un calendario semanal para cada fracción recollida e nun horario estipulado. Mediante este sistema recolleranse todas as fraccións tanto domésticas como comerciais. Centrarase en locais de hostalaría e centros educativos do núcleo de Arteixo e empresas do Polígono de Sabón.

A participación do concello conleva a posta en marcha desta recollida específica e o transporte dos bioresiduos ata a planta de compostaxe (arestora, a planta de compostaxe de Sogama).

Quenda de traballo: horario de tarde (é a quenda máis recomendable debido a que se poderían recoller os bioresiduos no pico horario da súa produción, se ben, por razóns de organización ou programación ou outras casuísticas poderase valorar outro horario diferente segundo as necesidades do servizo). A prestación do servizo será de luns a domingo cos descansos legalmente establecidos.

As tarefas do posto de traballo de operario/a do proxecto piloto de recollida de bioresiduos serán:

- Conducción de vehículos destinados á recollida e transporte de lixo incluíndo o traslado dos residuos ate os lugares designados
- Recollida en itinerancia dos colectores, bolsas e caldeiros de bioresiduos dos centros participantes e depósito no vehículo recolector
- Mantemento sinxelo dos vehículos asignados así como manexo de ferramentas e elementos integrantes dos sistemas de recollida e transporte, incluíndo a limpeza interior e exterior do vehículo. A categoría profesional precisa para o desempeño destas funcións debe ser compatible coa de operario-condutor
- Calquera outra propia do posto de traballo e da categoría profesional

##### TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1.- Requisitos xerais para todas as categorías de postos de traballo.

Os aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

- Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### 3.2.- Requisitos específicos

- Graduado en ESO ou equivalente, ou titulación superior.
- Carne de conducir tipo C

3.3.- Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento da formalización dos nomeamentos ou contratos.

Os extremos acreditativos da idade e a nacionalidade, acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para a formalización do contrato e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudos completos e necesarios e que se efectuou o depósito para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa a formalización do contrato, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos de enfermidade ou limitación física ou psíquica e de habilitación para desempeño de emprego público, efectuarase mediante declaración xurada (obranste na instancia facilitada como Anexo I das presentes Bases), sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

## CUARTA.- PRESENTACION DE INSTANCIAS

4.1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Alcalde do Concello de Arteixo, conforme ao modelo que consta no Anexo I das presentes bases, que poderán obter nas oficinas xerais do Concello e na páxina web municipal ([www.arteixe.org](http://www.arteixe.org)).

Na instancia deberá facer constar que reúne todos os requisitos xerais e específicos esixidos na base terceira da convocatoria para a categoría do posto de traballo á que aspira.

Á instancia deberase acompañar dos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI (no seu defecto, resgardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto: graduado en ESO ou equivalente ou titulación superior e carné de conducir tipo C.
- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados nas bases; declaración contida no modelo de instancia adxunto ás presentes bases.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos requisitos específicos e dos méritos da fase de concurso segundo o establecido na base 6ª. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta polo Tribunal Cualificador.

– Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais (tesourería) ou certificado do Servizo Público de Emprego (INEM) polo que se acredite a exención do pagamento de taxas por situación de desempregado de longa duración doce meses consecutivos inscrito como demandante de emprego (de conformidade ao establecido na ordenanza fiscal nº 11). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten minusvalía e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a ordenanza fiscal nº 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 9,04 €, e só serán devoltos a quen non fora admitido no proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos no epígrafe 2º das presentes bases, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva

4.2.- A instancia deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de Arteixo ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no **prazo de dez días naturais** a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP de A Coruña.

Se a solicitude se presentara por correo certificado ou nun rexistro diferente ao do Concello de Arteixo se deberá remitir o documento xustificativo correspondente, por fax ou ben por email ao Dpto de persoal (persoal@arteixo.org) antes da data de expiración do prazo.

O/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, e unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias.

Os restantes anuncios referidos á presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Arteixo.

#### **QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E DESINACIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

5.1. Rematado o prazo de presentación de instancias aprobarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica do concello de Arteixo a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os motivos de exclusión e prazo de enmenda/subsanación, de se-lo caso. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

5.2. O/a aspirante que, sendo excluído/a na listaxe provisional, non presente a correspondente enmenda/subsanación, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

5.3. Transcorrido o prazo de subsanación, aprobarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica do Concello de Arteixo a lista definitiva de aspirantes admitidos, e sinalarase a data e hora de constitución do Tribunal e inicio do proceso selectivo

5.4. En dita resolución designarase nominativamente aos membros do Tribunal de Selección de conformidade con disposto no texto Refundido do EBEP, séndolle tamén de aplicación os artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Estarán constituídos por un número impar de membros, no inferior a tres nin superior a sete, con titulación igual ou superior á requirida para cada categoría de posto de traballo.

5.5. Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen lles substitúan, e da metade, ao menos, dos seus membros. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a del Tribunal.

5.6. Os Tribunais de Selección resolverán todas as cuestións derivadas da aplicación das Bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo, encontrándose vinculados polo disposto nas Bases.

5.7.- Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

## SEXTA.- SISTEMA DE SELECCION

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso-oposición, sendo a Fase de oposición (de carácter eliminatorio) realizada previamente á Fase de concurso (de carácter non eliminatorio).

### 6.1. FASE DE OPOSICION (Puntuación máxima 6 puntos, 60% puntuación global)

#### 1º exercicio:

Constará dun exercicio composto por dúas probas que realizaranse de forma sucesiva, outorgando un receso dun mínimo de 30 minutos entre unha e outra : a primeira proba consistirá nun exame tipo test e a outra será un suposto práctico, ambas probas serán obrigatorias. O exercicio será eliminatorio, polo será necesario obter un mínimo de 3 puntos sumando as puntuacións de cada unha das probas, para superar o exercicio.

A) Proba tipo test: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 15 preguntas con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, referidas ao contido do posto de traballo. No anexo II das bases o temario sobre o que versarán as preguntas tipo test.

O tempo máximo para a realización deste proba será de 60 minutos, podendo o Tribunal determinar tempos inferiores.

A proba cualificarase de 0 a 3 puntos. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,20 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

B) Un suposto práctico relacionado coas funcións propias do posto a proposta do tribunal, consistente en responder 3 preguntas curtas , de índole práctica, relacionadas coas funcións do posto de traballo e co temario anexo ás presentes reguladoras.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos podendo o Tribunal determinar tempos inferiores. A proba cualificarase de 0 a 3 puntos.

Dado o carácter eliminatorio deste primeiro exercicio, pasarán ao seguinte, os/as aspirantes que acaden unha puntuación mínima de 3 puntos entre a suma das puntuacións da 1ª e 2ª proba.

#### 2º exercicio: exame de lingua galega

O/as candidato/as que non acrediten estar en poder do certificado Celga 2 ou equivalente da lingua galega, terán que realizar unha proba escrita de lingua galega de carácter obrigatoria e eliminatoria que será cualificada como Apto/Non apto. A proba consistirá na tradución escrita dun texto en castelá ao idioma galego nun tempo de 30 minutos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I.

Os/as aspirantes Aptos/as na fase de oposición, pasarán á fase de concurso.

### 6.2. FASE DE CONCURSO (Puntuación máxima 4 puntos ,40% puntuación global)

A fase de concurso consistirá na valoración dos seguintes méritos comúns para as distintas categoría de postos de traballo, na que se poderá acadar entre 0 e 4 puntos.

#### A) Experiencia profesional (puntuación máxima: 3 puntos)

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcionarioal ou en empresa privada , no posto de traballo ao que aspira: 0,10 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante certificación dos servizos prestados mailo informe de vida laboral da Seguridade social ao que se deberá achegar os contratos de traballo.

#### B) Coñecemento da lingua galega (puntuación máxima: 1 punto)

- Celga 4, equivalente ou superior: 1 punto.

- Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos.

- Celga 1 ou 2 ou equivalente: 0,50 puntos.

Só se valorará o curso de nivel superior.

Os méritos dos apartados B) acreditaranse mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso.

### 6.3. PUNTUACION TOTAL

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de oposición e na fase de concurso, quedando ordeados nunha listaxe segundo prelación destas puntuacións totais. Os/as aspirantes que acaden os catro primeiros postos nesta lista, serán propostos á contratación.

Esta listaxe será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Arteixo, ao igual que as restantes cualificacións dos exercicios e da fase de concurso, serán publicadas no taboleiro de edictos e na web municipal aos efectos de presentación de alegacións polos aspirantes e, sen perxuízo dos recursos que consideren oportuno interpoñer nos prazos e termos legalmente establecidos.

En caso de empate na puntuación total do proceso selectivo, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición e de persistir o empate, quen acredite maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidirase por sorteo público.

### SÉTIMA.- CONTRATACIÓN E CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO/LISTA DE SUSTITUCIÓN

7.1. O Tribunal cualificador, elevará ao Sr. Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación laboral temporal que corresponderá aos/ás catro primeiros aspirantes da listaxe ordeada por puntuacións totais.

7.2 De non superar as probas establecidas algúns ou ningún/ningunha aspirante, o Tribunal poderá declarar deserta unha ou varias das prazas convocadas.

7.3 Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva de aprobados e orde definitiva dos integrantes da listaxe de substitucións cos candidato/as que superen o proceso selectivo pero que non acaden as catro maiores puntuacións e non teñan dereito á formalización do contrato de traballo. Por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, formarase unha listaxe de substitucións para o caso de renuncia, incapacidades laborais, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia exclusivamente para postos de operario do proxecto piloto de recollida porta a porta de bioresiduos do Concello de Arteixo.

7.4.- O/as aspirantes proposto/a deberá presentar dentro do prazo máximo de 10 días naturais (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a listaxe final de puntuacións coa propostas de nomeamento/contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos que segundo a base segunda desta convocatoria se esixen para tomar parte na selección, así como toda a documentación requirida polo departamento de Persoal e RR.HH. co fin de efectuar a súa contratación, na modalidade de laboral temporal a xornada completa, obra/servizo de duración determinada por un ano de duración, tendo substantividade propia ao abeiro do proxecto piloto de recollida porta a porta de bioresiduos. Estarán exentos/as, se tivesen relación anterior con esta administración local, da xustificación documental, aqueles/as que o tivesen demostrado para obter o seu anterior nomeamento/contrato.

### OITAVA.- LEXISLACION E RÉXIME DE RECURSOS

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto de Traballadores, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei do procedemento administrativo común:

-Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.

## ANEXO I

## MODELO DE INSTANCIA

D./Doa ..... con DNI.: .....  
con enderezo.....e telefono de contacto .....  
mail.....

## EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria e Bases reguladoras do proceso selectivo de

**4 PRAZAS DE OPERARIO/AS DE RECOLLIDA PORTA A PORTA DE BIORRESIDUOS (PROXECTO PILOTO)** e declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos nestas Bases (Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme . Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberan aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar así mesmo na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das proba.)

Aportase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- A) DNI
- B) Titulación de acceso
- C) Copia méritos académicos e profesionais
- D) Taxas dereito exame ( ou documentación acreditativa de estar eximido do pagamento)
- E) Acreditación CELGA II ou equivalente (para exención da realización do exame de lingua galega)
- F) No suposto de discapacidade : descrición das adaptacións e/ou apoios necesarios para realización dos exercicios

**SOLICITA:** sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámite estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

**ANEXO II - TEMARIO PARA A SELECCIÓN DE 4 OPERARIOS , PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DO PROXECTO PILOTO PARA A RECOLLIDA PORTA A PORTA DE BIORRESIDUOS DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

1. CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA: ESTRUCTURA E PRINCIPIOS XERAIS
2. DEREITOS E DEBERES DOS CIDADANS.
3. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO
4. O REXIME LOCAL: COMPETENCIAS E SERVIZOS DAS ENTIDADES LOCAIS
5. O PLENO, AS XUNTAS DE GOBERNO, COMISIÓNS INFORMATIVAS, O ALCALDE E OS/AS CONCELLEIROS/AS
6. DEBERES E DEREITOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.
7. EQUIPOS E MÁQUINAS DE RECOLLIDA DE LIXO
8. DEFINICIÓN DE BIORRESIDUOS SEGÚN A LEI 22/2011, de 28 de XULLO
9. SISTEMAS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS:CONTENERIZACIÓN, PORTA A PORTA E OUTROS
10. O PLAN MUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO CONCELLO DE ARTEIXO (a disposición na web municipal: [www.arteix.org](http://www.arteix.org)).
11. ORDENANZA MUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS. EN ESPECIAL ARTIGOS 22 E 23 DA ORDENANZA
12. SEGURIDADE E SAÚDE NOS TRABALLOS DE RECOLLIDA DE LIXO. PRECAUCIÓNS ESPECIAIS
13. CONDUCCIÓN EN NÚCLEOS URBANS. CONDUCCIÓN EN CONDICIÓNS METEREOLÓXICAS ADVERSAS.
14. REQUISITOS DE MANTEMENTO E LIMPEZA DOS VEHÍCULOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS
15. PARROQUIAS MUNICIPAIS, NÚCLEOS RURAIS E RUEIRO DO CONCELLO DE ARTEIXO( a disposición na web municipal: [www.arteix.org](http://www.arteix.org))

En Arteixo, a 17 de febreiro de 2020

Asina: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente

2020/1412